

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CAMPO LAMEIRO

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN EN OBRAS MUNICIPAIS.

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional de data sete de novembro do dous mil catorce, sobre creación e modificación das ordenanzas que se reflexa de seguido:

O texto íntegro das mesmas faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, figurando a continuación do presente anuncio.

1.—“ORDENANZA” REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS FACULTATIVOS QUE SE PRESTEN EN OBRAS MUNICIPAIS

PREÁMBULO.—XUSTIFICACIÓN DA TAXA

Considerando que o R.D.L. 5/96, de 7 de xuño, liberaliza os honorarios técnicos establecidos.

Considerando que no ámbito da Administración do Estado (D. 137/60 de 4 de febreiro) e no da propia Comunidade Autónoma (D. Lex. 1/92, de 11 de abril) teñen establecidas taxas do 4 por cento pola prestación de servizos facultativos nas súas obras.

En orde a cubrir o posible baleiro legal existente e evitar que o custo destes servizos non quede perfectamente definido para que os/as participantes nas licitacións a obras a adxudicar polo Concello coñezan os mesmos, é motivo polo que o Concello de Campo Lameiro acorda a imposición e ordenación desta Taxa.

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO e NATUREZA

En virtude do disposto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución, no artigo 122 da Lei 39/88, de 28 de decembro (LRFL) en relación coa cláusula 13 do Prego de Cláusulas Xerais (D.3.854/70, de 31 de decembro), o Concello de Campo Lameiro establece a Taxa pola Prestación de Servizos Facultativos nas Obras Municipais, e se rexera pola presente Ordenanza Reguladora.



ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos consistentes nos traballos facultativos de comprobación de replánteo, dirección, inspección e liquidación das obras contratadas ou adxudicadas polo Concello de Campo Lameiro, tanto si se prestan con medios propios, ó alleos.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta Taxa os/as contratistas de obras contratadas ou adxudicadas polo Concello de Campo Lameiro (adxudicatario/a ou cesionario/a).

ARTIGO 4.—DEVENGO DA TAXA

A Taxa devengase no momento da prestación dos servizos polos que se esixe esta Taxa.

ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base imponible desta Taxa o importe do presuposto de execución material das obras aplicando, no seu caso, o coeficiente de baixa, determinándose parcialmente en función do presuposto de execución material adxudicado de cada certificación de obra expedida.

ARTIGO 6.—COUTA

Acouta tributaria desta Taxa será o resultado de aplicar sobre a base imponible anteriormente definida, o tipo de gravame do 4 por cento.

ARTIGO 7.—XESTIÓN E COBRO

A liquidación practicarase en cada certificación expedida polos Servizo Técnicos Municipales/Dirección de Obra. As liquidacións desta Taxa se aprobarán conxuntamente polo Órgano competente.

Ao proceder ó pagamento da certificación practicarase retención sobre a parte que corresponda á Taxa, ingresándoa no concepto non presupostario correspondente para posteriormente proceder da seguinte forma:

- Se os servizos se prestaron con medios propios do Concello de Campo Lameiro, pasarase do concepto non presupostario ao concepto do presuposto de ingresos que corresponda.
- Se os servizos se prestaron con medios alleos, do concepto non presupostario pagarase á persoa física ou xurídica que, mediante contrato co Concello, houberse prestado os servizos obxecto desta Taxa.



DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Reguladora foi aprobada con carácter definitivo o día 7 de Novembro de 2014, e entrará en vigor o día séguente ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

Contra o presente Acordo, conforme ó artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se poderá interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación de este anuncio no Boletín Oficial de la Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2º.—Visto o acordo do Pleno do Concello de data 19.11.2012

Vista a publicación do referido acordo, anuncio publicado no BOP de data 24-04-2013.

Vistos os erros detectados na publicación do referido acordo plenario, o Pleno por unanimidade, acorda:

Procede-la publicación íntegra das tarifas aprobadas mediante acordo do Pleno do Concello de data 19-11-2012, quedando fixadas nos seguintes conceptos e coantías.:

CUOTAS XERAIS

Cuota servizo vivendas	15 euros/ano
Cuota servizo industrias parque e. A Facha	140 euros/ano
Obras en construción	180 euros/ano

TAXAS CONEXIÓN

Vivendas unifamiliares	180 euros
Vivendas colectivas.....	260 euros
Comercios, negocios.....	250 euros
Industrias.....	300 euros

Colocación de contador, sexa independente ou non do enganche á rede municipal: 250 euros.

CONSUMOS

Ate 10 m ³ /mes.....	0
Mas de 10 m ³ /mes.....	0,28 euros/m ³

Manter as demais coutas do servizo nas coantías establecidas por acordo plenario de data 16 de novembro de 2009, que permaneceran inalterables.



Servizos rede subministro/anual

A) XERAIS

Comercios, bares, cafés: 21 euros

Establecementos hoteleiros, hostais ou similares, Entidades bancarias, gasolineiras, talleres, restaurantes: 52 euros.

Sas de festas, cámping, discotecas: 92 euros

A presente modificación da ordenanza reguladora foi aprobada con carácter definitivo o día 7 de Novembro de 2014, e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

Contra o presente Acordo, conforme ó artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se poderá interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación de este anuncio no Boletín Oficial de la Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3.—**TAXA EXPEDICIÓN DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

«En virtude de Providencia de Alcaldía de data 24 de outubro de 2014, en base ó estudo económico da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, e visto ó informe-proposta de Secretaría de data 3.11.2014, e segundo a proposta de Ditame da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello de Campo Lameiro, previa deliberación e por unanimidade, se acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación de determinadas tarifas da Ordenanza Fiscal reguladora de Taxa por expedición de documentos nos termos que figura no expediente, coa redacción que se recolle de seguido:

MODIFICACIÓN DE TARIFAS:

**DOCUMENTOS RELATIVOS ÓS SERVIZOS DE URBANISMO

Por cada expediente de declaración de ruína: 30,50 euros.

Por emisión de informes urbanísticos, cédulas urbanísticas, certificados relativos a planeamentos urbanístico, contestación a consultas urbanísticas, e similares: 24,40 euros.

**PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN e CONCESIÓN DEMANIAIS

Formalización de contratos e concesións demaniais en documentos administrativo: 5,72 euros.

Bastanteos de poderes e lexitimación de personalidade (cada un): 10,45 euros.



****DEREITOS DE EXAME:**

Subgrupos A1 e A2, e Grupo B ou similares en contratos laborais: 8,65 euros.

Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 5,40 euros

Manter o resto das tarifas vixentes establecidas na referida ordenanza fiscal, vixentes.

A presente modificación da ordenanza reguladora foi aprobada con carácter definitivo o día 7 de Novembro de 2014, e entrará en vigor o día séguente ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

Contra o presente Acordo, conforme ó artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se poderá interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación de este anuncio no Boletín Oficial de la Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4.—IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA**

«En virtude de Providencia de Alcaldía de data 24 de outubro de 2014, e segundo a proposta de Ditame da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello de Campo Lameiro, previa deliberación y por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de tracción mecánica nos termos que figura no expediente, -exclusivamente no que atinxe á bonificación de vehículos históricos de antigüidade mínima de 25 anos-, coa redacción que se recolle de seguido:

ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS

1. Establécense as seguintes bonificacións das coutas:

- *Unha bonificación do 100% a favor dos vehículos históricos o aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non fose coñecida, tomando como tal a da súa primeira matriculación, ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixara de fabricar, nos termos previstos no artigo 1 do Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos.

A bonificación prevista no apartado anterior deberá ser solicitada polo suxeito pasivo a partires do momento no que se cumpran as condicións esixidas para o seu disfrute.



A presente modificación foi aprobada con carácter definitivo o día 7 de Novembro de 2014, e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da provincia.

Contra o presente Acordo, conforme ó artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se poderá interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación de este anuncio no Boletín Oficial de la Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Campo Lameiro, a 28 xaneiro do 2015.—O Alcalde, Julio Sayans Bugallo.

